ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2021/2022

DEPARTAMENTO LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

MATERIA: LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

CURSO: 1º ESO

1.Criterios sobre a avaliación e cualificación

3ª avaliación

Os exames contarán un 50%; como se levarán a cabo dous, cada un deles contará un 25% da nota final. O 50% restante obterase dos traballos de entrega obrigatoria, nos que se traballan a comprensión e expresión escritas, así como a expresión e comprensión orais.

Avaliación final

O alumnado que aprobou a 3ª avaliación realizará actividades relacionadas coa comprensión e expresión textuais de manifestacións escritas de actualidade, fundamentalmente. Ademais, aproveitando o traballo con textos, aproveitarase para levar a cabo exercicios relacionados coa estrutura da linguaxe, así como con aspectos estudados ao longo do curso e que cómpre que sexan ben asimilados, como os tipos de palabras, a acentuación, o léxico e o vocabulario e as tipoloxías textuais.

A través da realización destas actividades o alumnado poderá optar a subir nota.

En relación co **alumnado que non aprobou a materia,** este levará a cabo actividades de reforzo de contidos mínimos para así poder facer un exame final que será empregado coma instrumento de avaliación; para iso entregaránselles exercicios, relativos aos contidos impartidos, baseados en actividades de exames desenvolvidos ao longo do curso para, para así poder contar coa axuda do docente na aula estes días que quedan do curso.

CURSO: 2º ESO

1.Criterios sobre a avaliación e cualificación

3ª avaliación

Os exames contarán un 60%; como se levarán a cabo dous, cada un deles contará un 30% da nota final. O 40% restante obterase dos traballos de entrega obrigatoria, nos que se traballan a comprensión e expresión escritas, así como a expresión e comprensión orais.

Avaliación final

O alumnado que aprobou a 3ª avaliación realizará actividades relacionadas coa comprensión e expresión textuais de manifestacións escritas de actualidade, fundamentalmente. Ademais, aproveitando o traballo con textos, aproveitarase para levar a cabo exercicios relacionados coa estrutura da linguaxe, así como con aspectos estudados ao longo do curso e que cómpre que sexan ben asimilados, como os tipos de palabras, a acentuación, o léxico e o vocabulario e as tipoloxías textuais.

A través da realización destas actividades o alumnado poderá optar a subir nota.

En relación co **alumnado que non aprobou a materia,** este levará a cabo actividades de reforzo de contidos mínimos para así poder facer un exame final que será empregado coma instrumento de avaliación; para iso entregaránselles exercicios, relativos aos contidos impartidos, baseados en actividades de exames desenvolvidos ao longo do curso para, para así poder contar coa axuda do docente na aula estes días que quedan do curso.

CURSO: 3º ESO

1.Criterios sobre a avaliación e cualificación

3ª avaliación

Os exames contarán un 60%; como se levarán a cabo dous, cada un deles contará un 30% da nota final. O 40% restante obterase dos traballos de entrega obrigatoria, nos que se traballan a comprensión e expresión escritas, así como a expresión e comprensión orais.

Avaliación final

O alumnado que aprobou a 3ª avaliación realizará actividades relacionadas coa comprensión e expresión textuais de manifestacións escritas de actualidade, fundamentalmente. Ademais, aproveitando o traballo con textos, aproveitarase para levar a cabo exercicios relacionados coa estrutura da linguaxe, así como con aspectos estudados ao longo do curso e que cómpre que sexan ben asimilados, como os tipos de palabras, a acentuación, o léxico e o vocabulario e as tipoloxías textuais.

A través da realización destas actividades o alumnado poderá optar a subir nota.

En relación co **alumnado que non aprobou a materia,** este levará a cabo actividades de reforzo de contidos mínimos para así poder facer un exame final que será empregado coma instrumento de avaliación; para iso entregaránselles exercicios, relativos aos contidos impartidos, baseados en actividades de exames desenvolvidos ao longo do curso para, para así poder contar coa axuda do docente na aula estes días que

quedan do curso.

CURSO: 4º ESO

1.Criterios sobre a avaliación e cualificación

3ª avaliación

Os exames contarán un 70%; como se levarán a cabo dous, cada un deles contará un 35% da nota final. O 30% restante obterase dos exercicios e actividades realizadas sobre as Sinsombrero (10%), da Carta ao Director (10%) e das probas de lectura (10 %), nos que se traballan a comprensión e expresión escritas, así como a expresión e comprensión orais.

Haberá unha recuperación da terceira avaliación coma houbo das dúas anteriores. Isto todo xa estaba recollido na programación da asignatura dende o comezo do curso (Substituíndo aquí o caderno de clase pola actividade das Sinsombrero).

Avaliación final

O alumnado que aprobou a 3ª avaliación realizará unha serie de actividades consistentes en reforzar o aprendido sobre lingua (morfoloxía, gramática, sintaxe) durante o curso, así coma para o reforzo da escritura de textos da vida cotiá coma cartas de presentación, instancias e reclamacións, así coma textos creativos.

A través da realización destas actividades o alumnado poderá optar a subir nota.

En relación co **alumnado que non aprobou a materia,** este levará a cabo actividades de reforzo de contidos mínimos para así poder facer un exame final que será empregado coma instrumento de avaliación; para iso entregaránselles exercicios, relativos aos contidos impartidos, baseados en actividades de exames desenvolvidos ao longo do curso para, para así poder contar coa axuda do docente na aula estes días que quedan do curso.

2. Metodoloxía e actividades para o período comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final na ESO

Metodoloxía

A metodoloxía empregada será a mesma que aplicamos ao longo do curso, a cal se basea fundamentalmente nun método construtivista: a través da información e dos materiais proporcionados, o alumnado debe ser capaz de combinar os coñecementos que xa teñen e cos novos que adquiran. Partirían da seguridade que poidan sentir ao ter contacto con algo coñecido, para así poder enfrontarse con eficacia ao descoñecido.

Ese método segue as directrices establecidas nas Decreto 86/2015, do 25 de xuño, de acordo cunha concepción construtivista do proceso educativo, baseada na aprendizaxe por competencias, no coñecemento e na práctica.

Ademais da construvista, a metodoloxía de carácter indutivo ten tamén un papel importante no labor docente, xa que permite que, en boa medida, os contidos sexan adquiridos de maneira satisfactoria ao precisar a actividade e a participación do alumnado para a creación do seu propio coñecemento de maneira autónoma.

Bacharelato

En Bacharelato non hai cambios respecto á programación inicial salvo os libros de lectura. Nesta terceira debían escoller un libro e facer unha exposición oral (20%), realizar un traballo dunha Carta ao Director (10%), o 70% da nota son os dous exames realizados. Farase unha recuperación desta terceira avaliación.

Faremos as avaliacións na data que indica a nova orde de avaliación, co cal a avaliación final será o 6 de Xuño e a extraordinaria cara ao final das clases (23 de xuño) dentro do calendario de exames do centro, do 20 ao 22.